



Concello de Lugo

## **CONVENIO ENTRE O EXCMO.CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE CALFENSA PROYECTOS S.L. PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO “SAN FROILÁN 2023”**

Lugo, 29 de setembro de 2023

### **REUNIDOS**

Dunha parte, dona Tareixa Ferreiro Tallón, con NIF 32.773.589-S, en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo, con NIF P2702800J, e enderezo en Praza Maior s/n, actuando en calidade de Tenenta da Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, conforme as atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local (XGL) os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo XGL número 40/607, de 26/7/2023 e Decreto núm. 5756/2023 de 21/06/2023 na súas actuais redaccións.

Doutra parte, don José Ramón Panete Fernández, con DNI núm. 36024560-M, en representación de CALFENSA PROYECTOS S.L, con NIF B-27182682, con enderezo en Estrada LU-546 km. 2.

Ambas as dúas partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para convenir en nome e representación das institucións que representan, recoñecendo a capacidade mutua para subscribir o presente CONVENIO e

### **EXPOÑEN**

PRIMEIRO.- Que o Excmo. Concello de Lugo, como tódolos anos, está a preparar a celebración das Festas Patronais do San Froilán 2023, unha das máis importantes festas tradicionais da Comunidade Autónoma de Galicia, considerada Festa de Interese Turístico Nacional dende o ano 2006. Festas con máis de 250 anos de historia, as cales polo seu prestixio, recoñecemento, repercusión mediática e afluencia de público son un referente a nivel nacional.

SEGUNDO.- Que CALFENSA PROYECTOS S.L. ten entre as súas finalidades e competencias o compromiso coa poboación galega e con Galicia e polo tanto coas súas tradicións, querendo ser partícipe de primeira man nesta celebración tan popular, axudando ao seu engrandecemento.



**MURALLA**  
patrimonio da humanidade

TERCEIRO.- Que a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo ten entre as súas competencias, conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a realización de actividades e a prestación dos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre outros, en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de promoción da cultura e equipamentos culturais.

Por dito motivo, en exercicio das súas competencias e para a xestión dos seus intereses, ten vontade de promover este convenio.

CUARTO.- O artigo. 48.3 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, permite a subscripción de convenios co fin de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

Visto o interese da entidade CALFENSA PROYECTOS S.L, por colaborar co Concello de Lugo no desenvolvemento do San Froilán 2023, acórdase asinar este Convenio, acolléndose ao contemplado no artigo. 47.2.c) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Local xurídico do sector público, que permite os convenios entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado, e o artigo. 25.1 da lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Por todo o exposto ambas as dúas partes coinciden na necesidade de xuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, estiman conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto á celebración desta festa, asinando o presente convenio en base as seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é contribuír á consecución dunha finalidade común como é o engrandecemento desta celebración popular con tanto arraigo e tradición na sociedade lucense e galega, que traspasa as fronteiras da nosa comunidade, mediante a colaboración económica, sen carácter exclusivo, por parte da entidade CALFENSA PROYECTOS S.L, á festa do “San Froilán 2023”, que se celebrará entre os días 4 e 12 de outubro de 2023.



Concello de Lugo

## SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA PARTE. OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

Como parte desta colaboración, a entidade CALFENSA PROYECTOS S.L., financia, mediante a entrega da cantidade de 1.500,00 euros os gastos executados e asumidos polo Concello na celebración do “San Froilán 2023”. Dita cantidade ingresarase na conta do Concello número ES73 3070 0001 2560 7047 3522, sempre con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente á sinatura do convenio. O Concello de Lugo expedirá as certificacións oportunas ás achegas realizadas aos efectos legais.

Pola súa parte, o Concello de Lugo incluírá os logotipos da entidade CALFENSA PROYECTOS S.L, nos programas realizados con motivo do “*San Froilán 2023*” e difundirá por todos os medios de comunicación, páxina web e redes sociais que utilice para a difusión da festa, a participación da entidade colaboradora nela. Ao finalizar o *San Froilán*, o Concello enviaralle á entidade colaboradora, a petición desta, un *dossier* informativo e recompilatorio das actividades realizadas durante a mesma.

## TERCEIRA.- DECLARACIÓNS RESPONSABLES DA ENTIDADE PRIVADA

Coa sinatura deste convenio, CALFENSA PROYECTOS S.L, declara responsablemente os seguintes extremos:

- Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
- Que non ter pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Que achegará calquera outra xustificación que puidese ser requirida polo Servizo Municipal de Intervención no exercicio das súas funcións de fiscalización.

## CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

Os compromisos económicos derivados das obrigas a asumir por parte do Excmo. Concello de Lugo para a celebración do San Froilán 2023 realizaranse, con carácter xeral, con cargo á partida orzamentaria 33801.22699.

## QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación da execución do convenio quedará acreditada coa realización da actividade obxecto do mesmo.

A achega por parte de CALFENSA PROYECTOS S.L., ingresarase con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente á sinatura do convenio. O



MURALLA  
patrimonio da humanidade

Concello de Lugo expedirá as certificacións oportunas ás achegas realizadas aos efectos legais.

#### SEXTA.- DURACIÓN

A duración do presente convenio circunscríbese á realización das Festas do San Froilán 2023, entre os días 4 e 12 de outubro, sen que estea contemplada prórroga algunha.

#### SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

#### OITAVA.- EXTINCIÓN E EFECTOS

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio de colaboración dará lugar á rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da mencionada 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da amentada Lei 40/2005 (LRXSP).

#### NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento a Ilma. Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo.



Concello de Lugo

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

As partes comprométense a resolver de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

#### DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os distintivos ou “logotipos” correspondentes. Neste sentido, o Concello de Lugo incluírá os logotipos da entidade CALFENSA PROYECTOS S.L., nos programas realizados con motivo do “San Froilán 2023” e difundirá por todos os medios de comunicación, páxina web e redes sociais que utilice para a difusión da festa, a participación da entidade colaboradora nela.

As partes autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DESTE CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdicción contencioso – administrativa.

O presente convenio non consiste nin na execución material dunha prestación a cambio dun prezo, nin en transferir fondos sen contraprestación, senón que se trata



MURALLA  
patrimonio da humanidade

de establecer unha colaboración institucional para levar a cabo unha actuación en resposta de obxectivos compartidos, non sendo de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Lugo, setembro de 2023

A TENENTA DA ALCALDESA DELEGADA  
DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E  
PROMOCIÓN DA LINGUA

EMPRESA  
CALFENSA PROYECTOS S.L.

Asdo.: Tareixa A. Ferreiro Tallón

Asdo: José Ramón Panete Fernández